

Marouba

Nos somos “Marouba” unha cooperativa co fin de introducir a mulleres de avanzada idade no mundo laboral mariñeiro, concretamente na pesca e venda de xouba. Esta empresa está pensada para que todo o pobo galego e non galego sexa consciente da importancia da xouba na vila mariñeira de Rianxo, facendo que queiran vir probar as xoubas Marouba ao mesmo tempo que coñecen a cultura rianxeira e galega. Pretendemos que a nosa campaña permaneza no tempo xa que traballamos un produto de calidade como é a xouba e facemos unha contribución social, ofrecendo postos de traballo a mulleres, para que así as familias teñan unha mellor economía.


O noso valor engadido está relacionado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable xa que tentamos alcanzar a igualdade de xénero no sector laboral, incluíndo a mulleres que lles custa máis conseguir emprego como poden ser as maiores de corenta e cinco anos. Ao mesmo tempo reducimos a fame en Galicia, aportando o noso gran de area colaborando coas ONG como pode ser “Cocina Económica Ferrol” que proporciona alimentos a persoas con escasos medios económicos, que non poden acceder a eles por si mesmos.

A historia do noso vídeo narra unha cita romántica, na que unha parella de mulleres saen a cear un menú de degustación de xoubas da nosa marca a un bar da súa aldea e tras falar sobre temas diversos, unha infórmalle a outra sobre “Marouba”, a empresa na que traballa e que a outra muller non coñece. Como as súas condicións son moi adecuadas, os seus proxectos tan elaborados e innovadores e ten un bo salario, a dona queda abraiada e interesase moito pola cooperativa, aínda que o mar non lle produce un gran interese, pero como Marouba é moi versátil pode traballar de calquera outro posto que non sexa mariscadora, polo que esta solicita unha reunión cun dos coordinadores da empresa para informarse mellor das condicións laborais posibles. A continuación el comentaralle as propostas de Marouba, explicaralle tamén de

forma moi sinxela que ten as seguintes posibilidades se quere formar parte de esta empresa: pode estar relacionada directamente co negocio no mar, e iría nunha embarcación a pescar pola ría adiante pescando xoubas, ou tamén hai a posibilidade de repartir o peixe recollido a restaurantes, pequenos comercios, mercados ou comedores sociais, e mesmo podería axudar colaborando nun destes e contribuíndo a desaparición da fame en Galicia e nun futuro incluso a nivel mundial. Cada un destes postos ten unhas condicións axeitadas e un salario moi digno que calquera persoa desexaría ter. Tras finalizar a charla, a muller queda moi satisfeita con Marouba e decide involucrarse nun destes postos, e cérrase o acordo cun contrato e un apertón de mans. A continuación a muller contará como lle foi eses anos traballando nesta empresa e tamén como lle foi con aquel amor que grazas a ela descubriu esta gran empresa como é Marouba.

En Marouba traballamos cun produto de calidade propio da ría de Arousa, apañado por máis de dezaseis embarcacións que se adican especificamente a pesca de xouba. Este produto pasa por unha serie de procesos alimenticios para comprobar que está en bo estado e non contén ningún tipo de perigo para a inxestión humana. Este alimento é exportado por toda Galicia, pódolo atopar incluso en pequenos comercios locais ou no mercado. Cos beneficios obtidos axudamos a ONG “Cocina Económica Ferrol” ofrecéndolles alimento e por suposto exemplares da nosa saborosa xouba así como tamén unha porcentaxe do 10% das ganancias, e tamén colaboramos con OGI, que é unha organización galega de inmigrantes que os axuda e algúns deles acoden aos nosos comedores sociais xa que teñen poucos recursos e ao chegar aquí non se poden permitir acceso a alimentos. Xuntos chegamos a dar comidas a dez mil persoas coa campaña Marouba en común. Nun futuro non moi lonxano temos pensado axudar a moitas mais asociacións de comedores sociais e a centros hospitalarios que teñan pacientes con problemas alimentarios na súa maioría, xa que o noso pensamento sempre será que todo o mundo ten o dereito de desfrutar da comida e a poder dispoñer de alimentos.

Con este logo queremos manifestar dunha forma clara e concisa os inicios de Marouba, con catro rapaces aficionados á pesca, que comezaron cunha simple cana. Dende os nosos inicios conseguimos sacar recursos de onde non os había, porque con moita imaxinación e un soño podes conseguir o que te propoñas, e nós conseguímolos e estamos moi orgullosas/os do que facemos.



Con respecto ao nome Marouba, foi escollido estratexicamente polos seus creadores para que a xente o lembrese de forma moi doada, e que sempre que se imaxinen unha xouba pensen en nós, xa que é a unión de mar máis xouba. Queríamos unha denominación fácil de recordar e sobre todo corta, que simbolice a nosa sinxeleza.

O noso lema é “Vótate ao mar”, con este queremos representar a falta de traballos nos sectores marítimos, sobre todo polo xénero feminino e avellentado. Intentamos que ao escoitalo recordes que o mar sempre está aí e que aporta moita riqueza.